

O VENTO HANOS LEVAR

955

Abbas Kiarostami, 1998

ESTREA EN NUMAX: 28.06.2022 | V.O.S.E. | 118 min.

Un equipo de televisión de Teherán chega a unha remota aldea kurda para filmar unha cerimonia fúnebre pouco corrente, pero o seu propósito verase truncado cando a anciá que esperaban ver morrer se aferra á vida. Esta é unha fábula sobre a frustración profesional e persoal, este divertido drama é a máis tentadoramente opaca e alusiva das películas de Kiarostami.

«Obra mestra, pura poesía visual, co
aroma do indispensable»

Ángel Fernández Santos, EL PAÍS



Perseverar no ser

Por Eugenio Sánchez Bravo

O mesmo ano da estrea de *Matrix* (Lilly & Lana Wachowski, 1999) Kiarostami presentaba esta obra mestra: *O vento hanos levar*. Cegado polos efectos especiais e realidades virtuais non prestei atención ao cinema inigualable do director persoa. O argumento é mínimo, como en todos os seus filmes, pero a delgadez da trama agocha un profundo simbolismo. Do mesmo xeito que ocorre n'*O castelo de Kafka*. Aparentemente a novela trata sobre un agrimensor chamado K. que pasa días absurdos nunha vila perdida mentres tenta contactar coas autoridades do castelo que contratou. Porén, baixo a superficie, a novela ten unha indiscutible dimensión teolóxica.

N'*O vento hanos levar* o protagonista, un enxeñeiro, director dun equipo de rodaxe, chega ao pobo afastado de Siah Darih, no Kurdistán iraniano. O seu obxectivo é rodar as cerimoniais de loito que han suceder á morte dunha muller anciá, pero esta non acaba de morrer. Durante a tediosa agarda, porén, succédense as revelacións, as iluminacións. Ante unha moza ordeñando unha cabra o enxeñeiro recita un poema de amor e morte da poeta Forugh Farrokhad.

"Coloca as túas mans —eses recordos ardentes— sobre as miñas mans amorosas e confía os teus beizos, cheos da calor da vida, aos aloumiños dos meus beizos amorosos. O vento hanos levar! O vento hanos levar! O vento hano levar!"

Todas as mañás a produtora chama o enxeñeiro ao seu teléfono móbil para que finalice canto antes a rodaxe. Como na vila non hai cobertura ten que subir no seu coche até o alto dun outeiro onde casualmente está o cemiterio. Así, día tras día. O tempo pasa de vagar. Sen nada que facer. Aferrarse á existencia como esta tartaruga que pasea sobre as lápidas do cemiterio. A lentitude da tartaruga é a lentitude do filme. O tempo pasa, non hai obxectivo nin meta. Unicamente perserverar no ser. O absurdo de vivir.

O enxeñeiro vive asediado entre o tedio e a morte e o mal esperta nel como unha reacción natural. Nesta fermosa homenaxe a *Blade Runner* (Ridley Scott, 1982) o enxeñeiro voltea a tartaruga para que se fría ao sol. O mal é a reacción ante o absurdo. Cara ao final do filme os acontecementos succédense a unha velocidade inusual. Un operario queda soterrado nun burato. O enxeñeiro axuda a rescatalo e cede o seu automóbil para que o leven ao hospital. O discurso do sabio, habitual nos filmes de Kiarostami, ten lugar cando o enxeñeiro viaxe na moto do médico da vila:

"A vellez é unha enfermidade terrible pero sempre digo que hai doenzas peores. Como a morte, si, a morte é a peor enfermidade, cando pechas os ollos ás marabillas do mundo, á natureza e á xenerosidade de Deus. Significa que nunca vas volver. Din que o outro mundo é fermoso. Vale, pero dígame unha cousa, quen volveu de alí para nolo contar, para dicir se é fermoso ou non. Dinme que é tan bela como para fuxir ao paraíso pero sigo pensando que o xugo da viña é moito mellor. Prefiro o presente a esas espléndidas promesas. Até un tambor soa melodioso ao lonxe. Prefiro o presente"